

## BANDO INFORMATIVO

En relación á situación actual da crise sanitaria polo COVID-19 no Concello de Viana do Bolo, esta Alcaldía desexa informar á veciñanza que o Servizo Galego de Saúde vén de comunicar, na tarde de hoxe, os resultados actualizados en canto a número de contaxios, confirmándose un caso mais que supón un **total de 25 positivos**.

Dende o SERGAS comunícase que o Concello de Viana do Bolo **sítuase no Nivel 2 de alerta epidemiolóxica**, e que as restricións anunciadas no día de hoxe polo Presidente da Xunta de Galicia non nos resultan de aplicación. Porén, é necesario **manter as medidas de protección habituais**: uso de máscara, lavado frecuente de mans, e distancia de seguridade; así como **limitar ao máximo as reunións familiares e sociais**, que continúan restrinxidas a un máximo de **5 persoas**. Ademáis, continúan en vigor as limitacións á **mobilidade en horario nocturno, de 23:00 a 6:00 horas**.

Por outra banda, dende o Concello de Viana do Bolo lamentamos o falecemento dunha residente da Residencia de Maiores da Terceira Idade, e desexamos trasladar as condolencias desta Corporación ós seus familiares e amigos, e manifestar o noso profundo pésame nesta difícil situación.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo a 4 de novembro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.  
Asinado dixitalmente á marxe.

---

**Concello de Viana do Bolo**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

